

DOMINGO 4 CORESMA Ciclo B

PRIMEIRA

2 Cron 36, 14-16 19-23

A ira e a misericordia do Señor maniféstanse no desterro e liberación do pobo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO SEGUNDO DAS CRÓNICAS

Todos os príncipes dos sacerdotes e o pobo obraron inicuaamente, imitando as abominacións dos pagáns e profanando o templo que o Señor consagrara en Xerusalén.

O Señor, Deus de seus pais, mandáballes continuamente mensaxeiros, porque sentía mágoa do seu pobo e da súa morada; pero eles burlábanse dos mensaxeiros de Deus, ríanse das súas palabras e mofábanse dos profetas, ata que a ira do Señor se acendeu sen remedio contra o seu pobo. Incendiaron o templo, derrubaron a muralla de Xerusalén, prenderon lume a todos os seus palacios e destrozaron todos os obxectos de valor. Levou consigo desterrados a Babilonia os superviventes da matanza e foron escravos seus e dos seus descendentes ata o triunfo do reino persa. Cumpriuse así o que anunciou o Señor a Xeremías, e a terra disfrutou do seu descanso sabático todo o tempo que estivo desolada, ata cumprirse setenta anos.

O ano primeiro de Ciro, rei de Persia, o Señor, para cumprir o que anunciara por medio de Xeremías, moveu a Ciro, rei de Persia, a promulgar de palabra e por escrito en todo o seu reino: -"Ciro, rei de Persia, decreta: O Señor, Deus do ceo, entregoume todos os reinos da terra e encargoume construír un templo en Xerusalén de Xudá. Todos os dese pobo que viven entre nós poden volver. E que o Señor, seu Deus, estea con eles".

SALMO RESP. Sal 136, 1-2. 3. 4-5. 6

R/ (6a): Que se apegue a miña lingua ao padal, se deixo de pensar en ti,

A beira dos ríos de Babel
sentabámonos e chorabamos,
lembrándonos de Sión.
Nos salgueiros das ribeiras
Penduramos as cítolas,

pois os nosos carcereiros pedíannos cántigas
e os nosos verdugos himnos alegres:
-"Cantádenos cántigas de Sión".

Como cantar un canto do Señor
estando en terra allea?
Se me esquecese de ti, Xerusalén,
que seque a miña man dereita;

que se apegue a miña lingua ao padal,
se deixo de pensar en ti,
se non poño a Xerusalén
por riba de toda ledicia.

SEGUNDA

Ef 2, 4-10

Os que morrestes ao pecado, fostes salvados pola gracia

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS EFESIOS**

Irmáns e irmás:

Deus, que é farturento en misericordia, polo grande amor que nos amosou cando estabamos nós mortos polos nosos pecados, fíxonos revivir con Cristo (salváronvos por pura benquerencia) e resucitounos con El e con El fíxonos sentar no ceo en Cristo Xesús, para mostrarlles aos séculos vindeiros a rebordante riqueza da súa graza, manifesta na bondade que tivo connosco en Cristo Xesús. Porque vos salvaron por graza, mediante a fe; e isto non vén de vós: é don de Deus; e non vén das obras, para que ninguén se dea méritos. Somos, logo, feitura del, creados en Cristo Xesús para facermos o ben no que Deus dispuxo de antemán que camiñemos.

DOMINGO 4 CORESMA Ciclo B

EVANXEO

Xn 3, 14-21

Mandou Deus ao seu Fillo para que, por mediación del, se salve o mundo

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela díxolle Xesús a Nicodemo:

- Coma Moisés alzou a serpente no deserto, así debe ser alzado o Fillo do Home, para que todo o que cre nel, teña vida eterna. Pois de tal xeito amou Deus o mundo, que lle deu o seu Fillo Unixénito, para que todo o que cre nel non se perda, senón que teña vida eterna.

Non mandou Deus o Fillo ao mundo para que xulgue o mundo, senón para que por el se salve o mundo. O que cre nel, non é xulgado; mais o que non cre, xa está xulgado, porque non creu no Fillo Unixénito de Deus. Nisto consiste o xuízo: en que, vindo a luz ao mundo, os homes escolleron a tebra en vez da luz, pois as súas obras eran ruíns. Pois todo o que fai o mal, odia a luz e non vén cara á luz, para que non o delaten as súas obras. Polo contrario, o que obra a verdade vén cara á luz, para que se vexan as súas obras porque están feitas como Deus quere.